





A CASTAÑA QUE REBENTOU DE RISA

Unha vez ían de camiño unha brasa de carbón, unha palla e unha castaña. Chegaron a un río e non sabían como cruzalo.




A castaña, que era moi lista, propuxo o seguinte:

- ¡Como a palla pode flotar na auga, eu subirei por riba dela e levárame nadando cara a outra beira do río. Logo volverá e poderá levarte a ti!- dixo dirixíndose á brasa.



As dúas pareceulles moi ben e así se fixo. Primeiro a palla pasou á castaña e logo volveu pola brasa de carbón. Mais cando estaban á metade do río, a

palla sentiu que se queimaba coa calor da brasa e case sen querer fixo un movemento brusco e dunha sacudida quindouna á auga.




Cando a castaña viu isto deulle un ataque de risa.




Ría tanto de ver a brasa mollada e con tanta forza que rebentou.

A palla chegou á beira do río toda chamuscada.

A brasa chegou máis tarde, apagada completamente e enchoupada. Chegaron ademais moi cabreadas coa castaña porque riu cando elas o pasaban mal.



Mais cando viron que coa risa rebentara o seu pelexo, e que estaba desfeita, compadecéronse dela e foron buscar o xastre para que lle remendara o furado. O xastre só tiña un anaco de tea de cor máis clara que o da pel da castaña e tivo que amañala poñendolle un anaco desa cor.



Por iso agora andan todas as
castañas cun anaco de pel
que é un pouquiño máis
clara.



Ilustracións: Rosana Rodiles